

- h) A realización de obras no posto que alteren a súa estrutura, ou sen tomar as debidas precaucións previstas no Artigo 37 desta ordenanza.
- i) A reiteración no incumprimento das obrigas de pagamento contraídas co concello pola persoa titular da concesión administrativa. No caso de titulares de máis dun posto, a reiteración entenderase no seu conxunto e referida ao titular, e non a cada posto individual.
- j) Contar para a explotación do seu posto con persoal en situación laboral irregular de acordo co que sinala a lexislación laboral vixente.
- k) Incumprir a persoa titular da concesión coas obrigas en materia de Seguridade Social.
- l) Incumprir as normas sinaladas polo traspaso da concesión.

ARTIGO 46. Procedemento sancionador

1. O procedemento sancionador rexerese polo establecido na lexislación administrativa en vigor ao respecto do procedemento administrativo común.
2. Correspóndelle a Alcaldía incoar, tramitar e resolver o procedemento sancionador cando este proceda, asegurando o respecto aos dereitos da persoa concesionaria de acordo coa lexislación vixente.
3. En todo caso, as medidas sancionadoras deben ser consideradas como cláusulas xerais derivadas do incumprimento contractual.

ARTIGO 47. Sancións

1. Como resultado do proceso sancionador debido en firmes, imporanse as seguintes sancións:
 - a) Infraccións leves: apercibimento ou multa de ata 750 €.
 - b) Infraccións graves: multa de 751 a 1.500 € con ou sen clausura temporal do posto fixo ata un máximo dun mes.
 - c) Infraccións moi graves: multa de ata 3.000 € e/ou clausura do posto fixo entre un e tres meses, puidendo levar aparellada a revogación da concesión.
2. Para a graduación das sancións, atenderase primordialmente á gravidade da materia, á entidade económica dos feitos constitutivos da infracción e a súa reiteración por parte da persoa responsable.
3. A prescrición das infraccións e sancións producirase:
 - a) As leves aos seis meses desde a data en que se cometeu a infracción ou en que deveu en firme a sanción.
 - b) As graves aos dous anos desde a data en que se cometeu a infracción ou en que deveu en firme a sanción.
 - c) As moi graves aos tres anos desde a data en que se cometeu a infracción ou en que deveu en firme a sanción.

Disposición adicional primeira

No non previsto nesta ordenanza estarase ao disposto na lexislación autonómica, estatal, ou se é o caso, europea, se resultan de aplicación.

Disposición adicional segunda

O Concello, para a levar a cabo os cambios ou adaptacións dispostos nesta ordenanza poderá aplicar a estes procesos subvencións propias, ou axudas procedentes doutras administracións.

Disposición adicional terceira

Facultase a Alcaldía, para a adopción de cantas medidas procedan en orde á execución e desenvolvemento do presente Ordenanza.

Disposición final

Esta ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOP.

Portomarín dezanove de maio de dous mil quince. O ALCALDE. Asdo. Juan Carlos Serrano López.

R. 2136

Anuncio

Elevado a definitivo, por non presentarse reclamacións durante o período de exposición ao público, o acordo adoptado polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o 26 de marzo de 2015, de aprobación provisional da

ORDENANZA FISCAL DAS TAXAS POLA PRESTACION DO SERVIZO DE MERCADO MUNICIPAL

Faise público o texto íntegro da ordenanza, que entrará en vigor a partir do día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e permanecerá en vigor ata a data da súa derogación parcial ou total.

Contra a ordenanza poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establecen as normas reguladoras de dita xurisdicción.

ÍNDICE

Artículo 1º	CONCEPTO E OBXECTO.....	¡Error! Marcador no definido.
Artículo 2º	OBRIGADOS Ó PAGO	¡Error! Marcador no definido.
Artículo 3º	GRAVAME.....	¡Error! Marcador no definido.
Artículo 4º	DEVENGO	¡Error! Marcador no definido.
Artículo 5º	PROCEDEMENTOS DE PAGAMENTO	¡Error! Marcador no definido.
Artículo 6º	DEVOLUCIONS DE DEPOSITOS.....	¡Error! Marcador no definido.
Artículo 7º	DAS CONCESIONS ADMINISTRATIVAS.....	¡Error! Marcador no definido.
Artículo 8º	ADXUDICACION DE POSTOS.....	¡Error! Marcador no definido.
Artículo 9º	CAMBIO DE TITULARIDADE	¡Error! Marcador no definido.
Artículo 10º	PRAZO DE CONCESION.....	¡Error! Marcador no definido.
	Disposición complementaria	¡Error! Marcador no definido.
	Disposición final.....	¡Error! Marcador no definido.

ARTIGO 1. CONCEPTO E OBXECTO

En uso das facultades concedidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e artigo 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, este Concello establece as Taxas pola prestación do servizo de mercado na presente ordenanza, as normas da cal atenden ó previsto nos artigos 20.4 e 57 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Serán obxecto desta exacción:

A concesión e traspaso de postos fixos no mercado, en todo o non regulado na normativa ditada polo Concello de Portomarin ou rango superior.

ARTIGO 2. OBRIGADOS Ó PAGO

A obrigación de pago da taxa regulada nesta ordenanza fiscal nace dende que se presta o servizo.

Estarán obrigados ó pago as persoas naturais ou xurídicas ás que sexa outorgada a concesión ou licenza para ocupación de postos ou para o seu traspaso, así como as que utilicen calquera dos demais servizos suxeitos a taxa.

ARTIGO 3. GRAVAME

Tomarase como base de gravame:

a) POSTOS

A localización, destino e superficie deles, así como calquera outra circunstancia que, a xuízo da Alcaldía, tras o informe do servizo, deba terse en conta.

TARIFAS

a) POSTOS FIXOS: Por m ² e mes:	5,40 €
--	--------

ARTIGO 4. DEVENGO

Cando se trate de postos fixos, as taxas devengaranse por períodos mensuais e serán irredutibles.

ARTIGO 5. PROCEDEMENTOS DE PAGAMENTO

Os importes mensuais por canon da concesión de postos fixos terán que ser satisfeitos dentro do mes que se liquida.

As cantidades liquidadas diariamente ou as devengadas por cada utilización cobraranse polo funcionario encargado, que diariamente presentará relación con duplicado de xustificante de pagamento na Tesourería municipal para a formalización regulamentaria dos ingresos ou polos medios de pago que estableza o Concello.

ARTIGO 6. DEVOLUCIONS DE DEPOSITOS

A devolución dos depósitos, cando proceda, efectuarase a petición do interesado, tralo informe do funcionario encargado do mercado, e resolución da Alcaldía.

ARTIGO 7. DAS CONCESIONS ADMINISTRATIVAS

Correspóndelle ó Excmo. Concello de Portomarin, a cesión da explotación dos postos fixos a particulares, mediante a fórmula de concesión administrativa.

ARTIGO 8. ADXUDICACION DE POSTOS

A adxudicación de postos no mercado, efectuarase polos trámites das concesións administrativas fixados regulamentariamente nos textos legais. Para tal efecto, o órgano competente aprobará os pregos de condicións técnicas e económico-administrativas que rexerán estas, coas publicacións regulamentarias dentro da oferta pública anual de postos.

ARTIGO 9. CAMBIO DE TITULARIDADE

Os concesionarios poderán propoñerlle ó Concello o cambio de titularidade da concesión por actos "inter vivos", sempre dentro das condicións do contrato de concesión administrativa. A Administración municipal terá a liberdade para acceder ou non á devandita solicitude no caso de cambio de actividade.

Non poderán ser beneficiarios de traspasos aquelas persoas que, malia teren sido titulares ou concesionarios de postos, perderan os seus dereitos por sancións.

En caso de traspaso, con excepción dos casos estipulados no anterior artigo, o novo titular terá que satisfacer, por unha vez, unha cantidade equivalente a un ano do canon establecido para o dito posto.

En calquera caso, outorgarase a oportuna autorización, na que se fará constar que o prazo será o mesmo que o establecido para a primeira concesión na que se subroga o novo titular, ou das súas prórrogas. Así mesmo, o novo titular constituirá o depósito correspondente sinalado na ordenanza fiscal vixente, excepto nos casos por traspasos aludidos no anterior artigo que continuarán co depósito anterior.

Non se procederá á autorización do traspaso se o anterior titular non está ó corrente dos pagos do canon concesionario.

ARTIGO 10. PRAZO DE CONCESION

A concesión caducará tralo transcurso do prazo de 15 anos ou das súas prórrogas.

Disposición complementaria

No non previsto nesta ordenanza estarase ao disposto na lexislación autonómica, estatal, ou se é o caso, europea, se resultan de aplicación.

Disposición final

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, comezará a aplicarse ao día seguinte da súa publicación no BOP, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Portomarin, 19 de maio de 2015. O Alcalde. Asdo. Juan Carlos Serrano López.

R. 2137

Validez desconocida

Asinado por: BOLETIN OFICIAL DA PROVINCIA DE LUGO
Data: 26.05.2015 08:00:00 CEST
Razón:
Localización: España



